

PROGRAMACIÓN DE NIVEL

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso
2021/2022

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2.- CONTRIBUCIÓN DENTE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	8
2.1.- Obxectivos de Educación Primaria	10
2.2.- Vinculación entre as Competencias Clave e os Obxectivos da Educación Primaria.....	12
3.- PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS.....	14
3.1. Matemáticas	14
3.2.Lingua Castelá e Literatura.....	22
3.3. Lingua Galega e Literatura	33
3.4. Área de Ciencias Sociais	47
3.5. Área de Ciencias da Natureza	55
3.6. Área de Valores Sociais e Cívicos.....	63
3.7. Educación Artística (Música).....	70
3.8. Educación Artística (Plástica)	84
3.9. Relixión Católica	93
3.10. Área de Lingua Extranxeira.....	100
3.11 Área de Educación Física	Aparte
4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	152
5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	152
6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	153
7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	154
8. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROPOSTAS DE MELLORA.....	154
9. ADAPTACIÓN COVID	156

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación está pensada para levala a cabo co alumnado do 1º nivel de Educación Primaria do CEIP Fermín Bouza Brey de Ponteareas.

De acordo co Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia especificamos nesta programación os obxectivos, competencias, criterios de avaliación e metodoloxía para o noso nivel, así como os materiais empregados que recollen os contidos que se utilizarán ao longo deste curso.

Este nivel constitúe unha unidade de ensino-aprendizaxe, polo que é imprescindible a coordinación de todo o profesorado implicado para o desenvolvemento correcto do currículo. Terá, pois, un carácter global e integrador.

O eixe de traballo será o desenvolvemento das competencias clave que permitan en camiñar todo o alumnado cara una formación integral útil para o seu desenvolvemento persoal e social que no futuro facilitarán a súa integración laboral e cívica.

CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP “Fermín Bouza Brey” está situado en Ponteareas, ao sur da provincia de Pontevedra, pertencente á comarca do Condado. Trátase dunha vila con bastante crecemento de poboación, aínda que coa crise foron moitos os habitantes que marcharon para outras zonas e incluso para outros países en busca dun traballo. Dista 26 km. da área metropolitana de Vigo.

Dito concello conta cun total de 23.000 habitantes aproximadamente que se reparten entre as 24 parroquias existentes e o casco urbano. A este Centro acuden alumnos/as da propia vila e tamén dalgunhas das parroquias rurais. A maioría dos nenos e das nenas destas parroquias desplázanse en autobús escolar e quedan a comer no comedor do colexio.

Hai escolas unitarias nalgunhas destas parroquias, onde acode moito do noso alumnado de Educación Infantil. Ademais deste Colexio existen no casco urbano de Ponteareas outros dous colexios públicos e dous concertados.

Ponteareas conta cunha gardería infantil municipal e unha privada, con varios parques infantís, unha biblioteca municipal, un conservatorio de música de grao medio, tres bandas de música (do centro da vila e en dúas parroquias), corales polifónicas, unha piscina municipal, un polideportivo, un ambulatorio, moitas cafeterías, tendas, supermercados e hipermercados, etc. O nivel sociocultural da poboación é de clase media-baixa. A maioría da poboación ten que desplazarse cara a Porriño e a Vigo para

asistir aos seus postos de traballo.

A nivel lingüístico hai que diferenciar tres tipos de familias:

- As que usan sempre a lingua castelá ao falar normalmente coas persoas maiores da súa casa.
- As que usan sempre a lingua galega (a minoría).
- E as que usan indistintamente o castelán e o galego (é a opción que máis se dá)

A lingua que os pais empregan ao falar cos seus fillos é a castelá na maioría dos casos. En Pontearreas, os sectores de actividade económica maioritarios son os de servizos e ata antes de comezar a crise, a construción. A actividade agrícola, sendo minoritaria como ocupación principal mesmo nas parroquias do rural, constitúe normalmente un complemento económico para as familias. A gandería cada vez ten menos importancia nesta zona e non podemos falar de grandes explotacións.

O CENTRO

É un centro público onde se imparten ensinanzas de Segundo Ciclo de Infantil e de todos os Ciclos de Primaria. Conta con 5 unidades de Educación Infantil e 13 unidades de Educación Primaria.

A XORNADA ESCOLAR

O centro posúe xornada única que distribúese do seguinte xeito:

De luns a venres de 9:00h a 14:00h h cun recreo de 30 minutos, de 11:30h a 12:00h no horario lectivo, e os martes pola tarde de 16:00h a 19:00h adícaranse a entrevistas persoais cos pais e ás diferentes reunións dos equipos.

O ALUMNADO

CARACTERÍSTICAS DOS NENOS/AS DE 6 ANOS A NIVEL DE DESENVOLVEMENTO

AFECTIVO, PSICOMOTOR, COGNITIVO, DA PERSONALIDADE E SOCIAL

As peculiaridades máis relevantes dos alumnos no primeiro nivel da etapa da Educación Primaria, que *van condicionar de xeito decisivo a intervención docente na aula*, son as seguintes:

Desenvolvemento afectivo

- a) Melloran o control emocional (incentivo-emotivo) e desenvolven os sentimentos.
- b) Dependén aínda dos referentes máis significativos (pais, docentes, etc.).

Desenvolvemento psicomotor

- a) Consolidan o esquema corporal: ton, relaxación e respiración.
- b) Controlan as condutas motrices de base: postura, equilibrio e coordinación óculo-manual.
- c) Asentan as condutas neuromotrices: lateralidade, paratonías e sincinesias.
- d) Dominan as condutas perceptomotrices: orientación espacial, estruturación temporal e ritmo.
- e) Perfeccionan a psicomotricidade grossa e avanza coa fina.

Todas estas variables son fundamentais para a consolidación da madurez lecto-escritora, imprescindible para unha aprendizaxe eficaz.

Desenvolvemento Cognitivo

- a) Atópanse no estadio evolutivo-madurativo do desenvolvemento intelectual previo ao das operacións concretas, o que implica a necesidade de manipular (obxectos, linguaxe, etc.) para a formación de conceptos e a súa categorización, aínda que estes sexan aínda moi elementais.
- b) Pasan da intelixencia práctica intuitiva á operativa (diversidade e organización de operacións), coñecendo a través da súa experiencia persoal e cotiá, evolucionando progresivamente cara á lóxica.
- c) Fan xirar a realidade arredor da súa persoa.
- d) Detectan e manexan símbolos e signos, que lles permiten aprender e incorporarse aos códigos convencionais.
- e) Utilizan un pensamento sincrético e analóxico, relacionando os elementos por xustaposición, percibindo globalmente a realidade, establecendo analoxías sen realizar análises nin deducións, procedendo indutiva e intuitivamente.
- f) Adquiren progresivamente o pensamento causal, o que facilita a explicación real dos feitos, a liberación do subxectivismo e do egocentrismo, e o establecemento do límite entre o eu e a realidade.
- g) Manifestan gran curiosidade intelectual, e interésalle o porqué das cousas.
- h) Usan a repetición e organización, as estratexias da linguaxe escrita (madurez), o

estudo, a atención e a memoria.

- i) Avanzan no coñecemento de feitos (declarativo) e procesos (procesual).
- l) Conceptúan o número e as súas operacións.
- m) Realizan clasificacións e seriacións.
- n) Inician e desenvolven a descentralización, a reversibilidade e a conservación.
- ñ) Inician e desenvolven as operacións aritméticas, lóxicas, físicas (materia, peso e volume), espaciais (topolóxicas, proxectivas e euclidianas), temporais e cinéticas.
- o) Inician e desenvolven a metacognición.
- p) Desenvolven progresivamente a capacidade de observación.
- q) Toman conciencia da permanencia do obxecto, das súas calidades e da importancia dos seus cambios, o que facilita o traballo con nocións físicas e matemáticas, e con procesos cíclicos de transformación.
- r) Melloran a función de representación do seu pensamento, coa cal amplían a concepción do espazo e do tempo, aínda de forma elemental.
- s) Desenvolven funcionalmente a linguaxe, o que determinará a estruturación do seu pensamento.

Desenvolvemento da Personalidade

- a) Consolidan progresivamente o seu autoconcepto, a súa autoestima e a súa eficacia.
- b) Melloran e estabilizan a estima dos demais.
- c) Definen o carácter.
- d) Manteñen unha sexualidade latente.
- e) Adaptación progresiva á escola.

Constrúen progresivamente a súa personalidade, partindo da toma de conciencia de si mesmos e da súa estima e da dos demais.

Desenvolvemento Social

- a) Afondan no coñecemento interpersonal (interese polas características dos demais) e as relacións (eu comunitario = amigos).
- b) Manifestan un razoamento e comportamento moral diversificado.
- c) Iníciáanse seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando, escoitando e cooperando.
- d) Manifestan unha moral heterónoma.
- e) A través do xogo pasan da anomía á heteronomía e á autonomía. É máis evolucionan do egoísmo propio da etapa anterior ao coñecemento, á aceptación e á relación cos demais.

AS NOSAS AULAS

Estas aulas atópanse no primeiro andar do colexio (planta baixa). O 1º nivel de Educación Primaria consta na actualidade con 30 alumnos/as distribuídos en 2 grupos. Este alumnado está distribuído nas seguintes aulas:

1º A: Titora: Ana Mary Raña Raña.

Esta aula ten un total de 15 alumnos/as con niveis de desenvolvemento e madurez bastante acordes ao esperado para a súa idade, aínda que sempre se aprecian diferenzas notables entre uns e outros. Non hai diagnosticados/as nenos/as con NEAE.

Cabe destacar que a medida que o curso avance, poden xurdir distintas necesidades educativa dos alumnos, polo que, de ser o caso, poranse en coñecemento do Departamento de Orientación para darlle a resposta educativa axeitada.

1º B: Titora: Margarita Estévez.

O curso de 1º B de primaria, é un grupo de 15 alumnos con niveis de desenvolvemento e madurez bastante acordes ao esperado para a súa idade, aínda que sempre se aprecian diferenzas notables entre uns e outros. Non hai diagnosticados/as nenos/as con NEAE.

A intervención educativa nesta etapa atenderá á diversidade do alumnado, é dicir, centrarase nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Contamos para isto, aparte de coa acción do titor, coas mestras e mestres especialistas, co mestre de pedagogía terapéutica e a especialista de audición e linguaxe, e o Departamento de Orientación, que axudarán e favorecerán a atención a diversidade.

As áreas de lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias da natureza, plástica e valores sociais e cívicos serán impartidos polo mestre titor. As ensinanzas da música, de educación física, de relixión e da lingua estranxeira serán impartidas por mestres e mestras coa especialidade ou habilitación correspondente. A acción levada a cabo polos diferentes mestres que inciden no grupo será o máis coordinada posible. Para este propósito, levaranse a cabo as reunións necesarias.

A persoa titora manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as e escoitaraas naquelas decisións que afecten a orientación académica dos seus fillos/as, sen prexuízo, se é o caso, das competencias do Departamento de Orientación.

2.- CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A LOMCE identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias básicas. Unha posible definición de competencia básica podería ser «a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar».

Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarse como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

En base a isto, identificáronse **sete competencias clave**:

1. **Comunicación lingüística (CCL)**: refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Desta competencia implica ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa. Implica a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas.

Hai que dicir que na nosa Comunidade Autónoma, esta competencia refírese ás dúas linguas oficiais.

Esta competencia acádase fundamentalmente a través das áreas de:

- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.

2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**: consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Compre destacar que esta competencia adquire maior importancia na medida en que se utilice para resolver os problemas da vida cotiá.

Esta competencia acádase fundamentalmente a través das áreas de:

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Ciencias Sociais
- Ciencias da natureza.
- Ed. Musical.

3. **Competencia dixital (CD)**: consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Esta competencia acádase fundamentalmente a través das áreas de:

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Lingua estranxeira.
- Ciencias sociais.
- Ciencias da natureza
-

4. **Aprender a aprender (CAA)**: supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Esta competencia ten dúas dimensións fundamentais.

Por unha banda, a adquisición da consciencia das propias capacidades, do proceso e das estratexias necesarias para desenvolverlas, así como do que se pode facer por un mesmo e con axuda doutras persoas ou recursos. Doutra banda, dispoñer dun sentimento de competencia persoal, baseado na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por aprender. Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

5. **Competencias sociais e cívicas (CSC)**: é a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais

persoas e do resto dos seres vivos. Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

6. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**: Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas. Tamén foméntase a creatividade e a capacidade para a creación, á adquisición da consciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Por outra banda, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral. Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

7. **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**: supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos. Esta competencia acádase en todas as áreas do currículo.

2.1.- OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lle permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico,

iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos o ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan ao seu cuidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e

sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

*As contribucións ao desenvolvemento das competencias clave, a relación de estándares de aprendizaxe e a concreción de obxectivos por curso atópase dentro de cada área.

2.2.- VINCULACIÓN ENTRE AS COMPETENCIAS CLAVE E OS OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE MATEMÁTICAS	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1. Área de Lingua e Literatura	X	X	X	X	X	X	X	X	X
2. Competencia lingüística	X	X	X	X	X	X	X	X	X
3. Competencia matemática e ciencia e tecnoloxía		X	X		X	X	X	X	
4. Aprender a aprender	X	X	X	X	X	X	X	X	X
5. Competencia cidadá	X	X	X	X	X	X	X	X	X
6. Aprender a aprender	X	X	X	X	X	X	X	X	X
7. Competencias sociais e cívicas	X	X	X	X	X	X	X	X	X

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	x	x	x	x	x	x	x	x	x
7. Conciencia e expresións culturais	x	x		x		x	x		

ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1. Competencia Lingüística.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
2. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía									
3. Competencia dixital	x		x		x	x	x		x
4. Aprender a aprender	x	x	x	x	x	x	x	x	x
5. Competencias sociais e cívicas	x	x	x	x	x	x	x	x	x
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	x	x	x	x	x	x	x	x	x
7. Conciencia e expresións culturais	x	x		x		x	x		

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1. Competencia Lingüística.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
2. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía					x	x	x	x	x
3. Competencia dixital		x	x			x	x		x
4. Aprender a aprender	x	x	x	x	x	x	x	x	x
5. Competencias sociais e cívicas	x	x	x	x	x	x	x	x	x
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor		x	x	x	x	x	x	x	x
7. Conciencia e expresións culturais		x	x	x		x	x	x	

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1. Competencia Lingüística.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
2. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía	x	x	x	x			x	x	x
3. Competencia dixital		x			x	x		x	x
4. Aprender a aprender	x	x	x	x	x	x	x	x	x
5. Competencias sociais e cívicas	x	x	x	x	x	x	x	x	x

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor		x	x	x	x	x	x	x	x
7. Conciencia e expresións culturais			x		x	x			x

3.- PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS

3.1. Matemáticas

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada. Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e as situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que levan consigo, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas.

Na educación primaria é fundamental o rol do persoal docente, pois debe ser capaz de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a aplicación dos coñecementos en situacións contextualizadas. Debe orientar a construción individual e colectiva de coñecementos matemáticos que ensinen aos nenos e nenas a desenvolver as súas aprendizaxes e que os e as animen a ter as súas propias opinións confrontándoas criticamente con outras fontes de información para melloralas. Búscase alcanzar unha

eficaz alfabetización numérica, entendida como a capacidade para enfrontarse con éxito a situacións nas que interveñan os números e as súas relacións. Para lograr este obxectivo non basta con dominar os algoritmos de cálculo escrito, é necesario actuar con seguridade ante os números e as cantidades, utilízalos sempre que sexa necesario e identificar as relacións básicas que se dan entre eles.

O traballo nesta área na educación primaria estará asentado na experiencia, as matemáticas apréndense utilizándoas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá, para ir adquirindo progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e dos coñecementos previos. A aprendizaxe baseada en competencias debe abordarse de forma conxunta entre todas as áreas e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais, coma nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso. Para lograr este cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria na que cada persoa docente deseñará, implementará e avaliará tarefas integradas nas que o alumnado acade ou elabore un produto social relevante. Para isto é necesario secuenciar unha serie de actividades e exercicios que impliquen procesos cognitivos de diferente nivel. Tendo en conta todo o anterior, resulta imprescindible o traballo colaborativo entre eles, coas familias e con entidades sociais do contexto e unha estreita colaboración entre o persoal docente no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixes principais da actividade matemática e deben ser fonte e soporte principal da aprendizaxe ao longo da etapa, posto que constitúen a pedra angular da Educación matemática. Na resolución dun problema requírense e utilízanse moitas das capacidades básicas ata a comunicación dos resultados: ler, reflexionar, planificar o proceso de resolución, establecer estratexias e procedementos e revisalos, modificar o plan se é necesario, comprobar a solución se se encontrou.

O currículo básico formulouse partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional no que se encontra o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co ámbito, e do seu paso cara a un pensamento abstracto cara ao final da etapa.

Os contidos organizáronse en cinco grandes bloques para facilitar a concreción curricular: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas. Números. Medida. Xeometría. Estatística e probabilidade. Pero esta agrupación non determina métodos concretos, só é

unha forma de organizar os contidos que serán abordados dun xeito enlazado atendendo a configuración cíclica do ensino da área e construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Esta agrupación implica unha organización aberta que permitirá distribuír de diferentes maneiras os contidos adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

- Bloque 1 é a columna vertebral do resto dos bloques e debe formar parte do quefacer diario na aula para traballar o resto dos contidos e conseguir que todo o alumnado, ao rematar a educación primaria, sexa quen de describir e analizar situacións de cambio, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións. Débese traballar no afondamento nos problemas resoltos, formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc., expresando verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.

Por último, establecéronse os estándares de aprendizaxe avaliáveis que permitirán definir os resultados das aprendizaxes, e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Matemáticas. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da educación primaria e deberán estar todos acadados e consolidados ao finalizar a etapa.

Tendo en conta todo o antedito establécense unha serie de **orientacións metodolóxicas** para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

- Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
- A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.
- Os métodos utilizados deben partir da perspectiva do persoal docente como persoal orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo

individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

- As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas, polo que o persoal docente deberá xerar neles e nelas a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, susténtase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.
- Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como por exemplo o portfolio, as rúbricas, mapas mentáis, diarios, debates, probas específicas, solución de problemas...
- O profesorado debe involucrarse na elaboración e no deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.
- A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.
- Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular, con criterios consensuados, unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

Obxectivos da área de Matemáticas

1. Comprender o enunciado dos problemas identificando a situación problemática e

os datos necesarios para a súa resolución.

2. Usar diversas estratexias de resolución de problemas aplicando as operacións coñecidas e comprobando as solucións.
3. Reflexionar sobre os problemas propostos plantexando variacións, dúbidas e aplicacións.
4. Aplicar coñecementos e habilidades matemáticas en outros contextos e na vida cotiá.
5. Manexar habilidades de comunicación en distintos contextos no ámbito da asignatura.
6. Recoñecer bloqueos na asignatura e desenvolver estratexias persoais para vencerlos.
7. Discernir sobre o uso de ferramentas tecnolóxicas de cálculo para a mellora do aprendizaxe na área.
8. Desenvolver estratexias e habilidades de traballo individual e en equipo.
9. Identificar e escribir os números naturais do 0 ao 99.
10. Comprender o concepto de número natural e a súa aplicación nun contexto real.
11. Coñecer e aplicar algoritmos para a realización de operacións con números do 0 ao 99 en sumas e restas.
12. Entender o concepto de medida e aplicalo na selección e uso de instrumentos e magnitudes nun contexto real.
13. Describir, mediante conceptos sencillos, aspectos, sobre lonxitude, peso e capacidade.
14. Empregar moedas e billetes para o pago de cantidades pequenas en contextos reais.
15. Distinguir e empregar medidas de tempo de uso cotidiano con corrección.
16. Introducir na súa linguaxe habitual, conceptos sobre relacións espaciais básicas: esquerda- dereita, diante-detrás, arriba-abaxo...
17. Recoñecer figuras xeométricas básicas en contextos reais.
18. Iniciar procesos de interpretación de datos.

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS				

- g ■ e	■ B1.1. Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.	■ B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	■ MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	■ CMCT ■ CCL
- g ■ b	■ B1.2. Confiianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	■ B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	■ MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.	■ CMCT ■ CAA
- g ■ i	■ B1.3. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	■ B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	■ MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	■ CMCT ■ CD ■ CAA
BLOQUE 2. NÚMEROS				
■ e ■ g	■ B2.1. Números naturais ata o 99. ■ B2.2. Nome e grafía dos números ata o 99. ■ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas. ■ B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. ■ B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado. ■ B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.	■ B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	■ MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99. ■ MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	■ CMCT ■ CCL ■ CMCT ■ CCL
■ b ■ e ■ g	■ B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º. ■ B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números. ■ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.	■ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	TB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. ■ MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99. ■ MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. ■ MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.	■ CMCT ■ CMCT ■ CCL ■ CAA ■ CMCT
■ b - g	■ B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental. ■ B2.10. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados. ■ B2.11. Cálculo de sumas e restas. ■ B2.12. Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.	■ B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	■ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. ■ MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.	■ CMCT ■ CMCT

			<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ■ B ■ G 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA ■ CSIEE
BLOQUE 3. MEDIDA				
<ul style="list-style-type: none"> ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais. ■ B3.2. Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. ■ B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións. Minuto, hora, día, semana e ano. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ■ B ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.5. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. ■ B3.6. Equivalencias entre moedas e billetes. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.5. Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.7. Resolución de problemas de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.6. Identificar e resolver problemas da 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA

		<p>vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>■ MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.</p>	<p>■ CMCT ■ CAA ■ CSIEE</p>
--	--	---	---	-------------------------------------

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ e ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.1. Interpretación de representacións espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá. ■ B4.2. Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia. ■ B4.3. Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos. ■ B4.4. Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia na busca de solucións. ■ B4.5. Uso do vocabulario xeométrico para describir itinerarios: liñas abertas e pechadas; rectas e curvas. ■ B4.6. Busca de elementos de regularidade en figuras e corpos a partir da manipulación de obxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA ■ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA ■ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ g 	<p>4.7. Formas planas e espaciais: clasificación de figuras planas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.8. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.3. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA ■ CSIEE

BLOQUE 5 ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Recollida e clasificación de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Recoller e rexistrar unha información que se poida 	<ul style="list-style-type: none"> ■ MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCT ■ CAA
--	---	--	--	---

	<p>cuantificar, utilizando algunos recursos sinxelos representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineáis... comunicando a información.</p>	<p>básicas.</p> <p>■ MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.</p>	<p>■ CMCT ■ CAA</p>
--	--	--	-------------------------

3.2.Lingua Castelá e Literatura

O ensino da área de Lingua castelá e literatura ao longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

A lingua apréndese, non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, o profesorado de lingua debe guiar o alumnado para facelo usuario consciente do potente instrumento que é a lingua, a competencia en comunicación lingüística, para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo; utilizar a potencia do manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz, e lograr un avance substancial no desenvolvemento das súas posibilidades.

Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento, debe situarse o ensino da Literatura. Transmisora de cultura e tamén liberadora, a Literatura incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica. E vai de par coa lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

En consecuencia co anterior, o currículo da área de Lingua castelá e literatura

organízase en bloques que responden á educación literaria, ás actividades lingüísticas ou destrezas esenciais para a comunicación oral e escrita, e ao coñecemento metalingüístico.

- Bloque 1 *Comunicación oral: escoitar e falarestablece* as habilidades necesarias para que os nenos e nenas comuniquen con precisión as súas propias ideas e axusten o propio discurso, cada vez máis elaborado segundo se avanza na etapa, ás distintas situacións de comunicación. Ademais, aborda aspectos esenciais da interacción social como a escoita atenta e o respecto das ideas dos e das demais.

Está pois centrado na xestión das relacións sociais a través do diálogo e na planificación e exposición dos discursos orais.

Este bloque inclúe, ademais, os elementos non verbais como parte integrante do proceso comunicativo, xa que en moitas ocasións actúan como reguladores do proceso de comunicación, contribuindo a ampliar, modificar ou reducir o significado da mensaxe.

- Os Bloques 2 e 3 *Comunicación escrita: ler e escribir* deben fomentar o achegamento, en contextos persoais, académicos e sociais á comprensión e produción de textos de diferente tipoloxía, atendendo tanto a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) como a intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos)

Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse en todas as esferas da vida e en calquera finalidade de lectura: ler para obter información, ler para aprender ou ler por pracer.

Pola súa parte, o bloque sobre a escritura pretende a aprendizaxe desta como un procedemento estruturado en tres fases: planificación do escrito, redacción, e revisión de borradores antes de producir o texto definitivo. Así, a ensinanza da escrita non se debe centrar no produto final, elaborado de forma individual ou en grupo, senón en todo ao proceso de escritura. Do mesmo modo, a avaliación está ligada a todo o desenvolvemento do texto escrito, no que, ademais, a revisión en grupo como práctica habitual contribuirá a favorecer a aprendizaxe autónoma.

- Bloque 4 *Coñecemento da lingua* responde á necesidade de suscitar a aprendizaxe progresiva metalingüística para apropiarse do léxico e das regras gramaticais e ortográficas imprescindibles para o uso adecuado da lingua, é dicir, falar, ler e escribir correctamente. Debe ser unha aprendizaxe fundamentalmente funcional e significativa, integrada no proceso de lectura e escritura.

- Bloque 5 *Educación Literaria* pretende implicar aos alumnos e alumnas nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a súa vida. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálle acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntao a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento do mesmo. Os nenos e nenas deben ir adquirindo, coa guía do persoal docente, os recursos persoais propios dunha persoa lectora activa. Do mesmo xeito, foméntase a produción de textos persoais con intención literaria a través de proposta de tarefas lúdicas e creativas.

O currículo deste século non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe de linguas e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías.

A organización do currículo en bloques e a secuencia destes non indican xerarquía nas aprendizaxes dentro do aula, ben ao contrario, estas deben ser abordadas desde enfoques comunicativos e, na medida do posible, globalizadores e interdisciplinares, que teñan en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

A integración das TIC debe ir acompañada dun cambio metodolóxico que oriente a aprendizaxe da lingua cara á mellora dos usos comunicativos, desterrando das aulas prácticas rutineiras centradas na análise e descrición de unidades lingüísticas descontextualizadas. Para iso, o uso das TIC nas actividades de ensino- aprendizaxe debe darse sempre no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito.

Así mesmo, nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado,

mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado. En canto á avaliación, é recomendable a utilización de diferentes técnicas como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, mapas conceptuais, debates, solución de problemas contextualizados, ademais das probas específicas.

A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor a potenciar, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe competencial dáse tanto desde os ámbitos formais coma nos informais e non formais. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo dos nenos e nenas nas linguas que vaian adquirindo ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilicen. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender na escola. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan certos contidos similares, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben ser abordados de maneira parella, ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas. Así pois, o profesorado implicado no proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos.

En consonancia co anterior, é preciso que o profesorado utilice a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Ademais, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas

cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Pois, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e (as) ambiental(is).

Obxectivos da área de Lingua Castelá e Literatura

1. escoitar mensaxes orais con atención e cunha actitude respetuosa.
2. Comprender as ideas esenciais das mensaxes.
3. Expresar oralmente os seus desexos, experiencias, sentimentos e opinións de xeito claro e ordenado, comezando a utilizar un vocabulario axeitado.
4. Participar en situacións de comunicación oral respetando as normas básicas que regulan a interacción (quendas de palabra, respecto polas opinións alleas...).
5. Articular correctamente os sons do castelán segundo as normas básicas desta lingua.
6. Desenvolver a habilidade lectora: descodificación correcta, lectura mental, entoación e ritmos axeitados...
7. Recoñecer a información relevante de textos informativos sinxelos.
8. Recoñecer os elementos estruturais básicos de textos narrativos escritos (personaxes, accións, lugar, secuencia...).
9. Interpretar linguaxe non verbal.
10. Redactar textos de estrutura e intención diversa (narracións, descripcións, recetas, sinais...) seguindo o modelo dado.
- II. Interesarse pola escritura como instrumento de expresión persoal, comunicación, aprendizaxe e planificación da propia actividade.
12. Escribir textos sinxelos e breves, empleando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.
13. Emplear a lingua para comunicarse cos demais.
14. Beneficiarse da lectura para a aprendizaxe no resto das áreas.
15. Utilizar os medios de comunicación impresa e audiovisual para escoitar, ler y obter informacións de interese.
16. Facer uso das tecnoloxías da información e da comunicación para obter, recoller e elaborar informacións sinxelas referidas a temas interesantes da vida cotiá.
17. Amosar interese e curiosidade por textos literarios, tanto nos seus aspectos comprensivos coma expresivos, e valorar a súa utilidade para outras aprendizaxes e como enriquecemento persoal.
18. Ler textos literarios sinxelos comprendendo o seu contido e significado.

19. Respetar os diversos usos da lingua.
20. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
21. Utilizar a lingua para destácalos valores das diferentes culturas.
22. Manifestar actitudes de aprecio e respecto cara as diferentes linguas, valorando a lingua castellá como lingua común de tódolos españois e as posibilidades de comunicación que iso supón.
23. Iniciarse na adquisición do hábito e o gusto pola lectura.
24. Utilizar la biblioteca de aula, de centro e municipal.

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
a c d e	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respectopolos sentimentos dos e das demais.	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	CCL CAA CSC
			LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CCL CAA CSC
b e	B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	CCL CSC
a b e	B1.3. Participación en situación de comunicación de aula, espontáneas ou dirixidas, organizando, de forma xeral, o discurso.	B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e comunicación.	CCL CD CAA CSC CSIEE
b e	B1.4. Interese pola ampliación de vocabulario. B1.5. Creación de redes semánticas moi sinxelas.	B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL

b d e i	B1.6. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e procedentes de diversas fontes.	B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevante.	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL CAA
b d e i	B1.7. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisuals sobre temas do seu interese.	CCE CAA
b e	B1.8. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	B1.7. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL CAA CCEC
b e	B1.9. Dramatizacións de textos infantís.	B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	CCL
b e	B1.10. Produción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.	B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	CCL CSIEE
			LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais, obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba... LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, polo anoite...	CCL
a d e m	B1.11. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL CSC
a b e	B1.12. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	CCL CAA CSC CSIEE
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER				

b e	B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL
b e	B2.2. Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moiredundantes.	B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.2.1. Relaciona a información que chega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL CAA
e	B2.3. Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade.	B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxías textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxías textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...	CCL CAA
b e	B2.4. Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.	B2.4. Mostrar interese e gusto pola lectura.	LCB2.4.1. Expressa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	CCL
			LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
b e	B2.5. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan lector.	B2.5. Progresar na adquisición do hábito lector.	LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	CCL CD CAA
a b e	B2.6. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL CSC
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR				
e	B3.1. Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.	B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua Castelá en palabras significativas.	CCL

			LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia...	CCL
e	B3.2. Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación escrita.	B3.2. Relacionar códigos verbais e nonverbais.	LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL
b e	B3.3. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura. B3.4 Produción de textos segundo Plan de escritura.	B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación	LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...	CCL CD CAA
			LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	CCL CAA
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
b e	B4.1. A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das diferentes clases de palabras. Xénero e número do nome. Tempos verbais.	B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	CCL
			LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	CCL
			LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	CCL
			LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.	CCL
			LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
			LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia	CCL

			LCB4.1.7. Utiliza ostempos verbais: presente, pasadoe futuro en textossinxelos.	CCL
b e	B4.2. Vocabulario. Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Comparacións e palabras derivadas.	B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición devocabulario.	LCB4.2.1. Relaciona sinónimos eantónimos básicos en parellas de palabrabasignificativas.	CCL
			LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.	CCL
			LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais eescritos.	CCL
			LCB4.2.4. Identifica no seu contorno palabrasderivadas de outras moievidentes.	CCL
b e	B4.3. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía.Signos depuntuación.	B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecerunha comunicación máiseficaz.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindomodelos.	CCL
e	B4.4. Recoñecemento eobservación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito epredicado.	B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensiónoral e escrita a través do coñecemento dalingua.	LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñertextos sinxelos.	CCL
e i	B4.5. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao alcancee propios da saúde.	B4.5. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	CCL CD CAA
d e o	B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.6. Comparar aspectosbásicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativaintegrada	LCB4.6.1. Comparaaspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas quecoñece.	CCL CSC
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				

d e	B5.1. Coñecemento e lecturaguiada de contos tradicionais: maravillosos, de fórmulas, de animais,...	B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	LCB5.1.1. Identificasinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...	CCL CCEC
			LCB5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	CCL CAA CCEC CSC
d e	B5.2. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal. B5.3. Uso da biblioteca de aula como fonte de información elecer.	B5.2. Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	LCB5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	CCL CCEC
			LCB5.2.2 Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	CCL CAA
		B5.3. Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula.	LCB5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	CCL CAA
b d e	B5.4. Recreación e composición de textos literarios: contos, poemas, adiviñas.	B5.4. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.	LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA CCEC
d e o	B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC

3.3. Lingua Galega e Literatura

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era de internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog.

Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e

xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área.

Unido a calquera lingua minorizada hai que ter en conta intereses próximos á sociolingüística, como a valoración dese sistema de expresión e a súa literatura, os textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar. Xa que logo, aprender lingua é tamén apropiarse dos significados culturais que esta transmite e dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.

O currículo para a área de Lingua galega e literatura ten unha estrutura similar nos 6 cursos da educación primaria. Os contidos aparecen repartidos en bloques, o que non presupón que a actividade docente se deba corresponder a esta ordenación; ao contrario, débense producir múltiples conexións entre todos eles.

- O bloque 1, Comunicación Oral: falar e escoitar, recolle diversos aspectos da lingua oral. O uso oral é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as persoas talantes para se comunicar satisfactoriamente, así como aquelas que empregan para comprender mensaxes orais ou para producilas.

- O bloque 2, Comunicación escrita: ler, recolle diversos aspectos da comprensión escrita. A lectura implicará dominar a descodificación do texto e achegarse a unha progresiva regulación de estratexias que permiten operar co significado do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e información nova. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, ler para aprender a propia lingua, ler por pracer.

- O bloque 3, Comunicación escrita: escribir, potencia o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita. Este uso da lingua implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde o punto de vista do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e da dimensión estética. A produción escrita significará buscar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos e revisando a escrita final. Nesta etapa consolidaranse o dominio de técnicas gráficas, a relación sonografía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto. O ensino do proceso de escritura pretende conseguir que o alumnado tome conciencia deste proceso como un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores e

redacción e revisión do texto definitivo.

■ O bloque 4, Coñecemento da lingua, integra contidos relacionados co código e coa súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o uso correcto da lingua, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo. Os contidos estrutúranse arredor de catro eixes. O primeiro é a observación da palabra, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos; o segundo aborda as relacións gramaticais que se establecen entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto; o terceiro afonda nos elementos que participan na confección dun discurso correcto; e o cuarto céntrase na valoración e coñecemento da lingua galega dentro do contexto plurilingüe.

■ O bloque 5, Educación literaria, asume o obxectivo de facer dos alumnos e das alumnas lectores competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Para acadar este obxectivo é necesario alternar a lectura, comprensión e interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas que acheguen o coñecemento básico sobre algunhas obras representativas tradicionais e actuais da nosa literatura.

Os tres primeiros bloques do currículo, a lingua oral e a escrita, desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais. Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos de área; entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender argumentos e puntos de vista; preguntar... A práctica destas situacións colaborará no labor da lingua como vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo. Con todo, para acadar unha correcta competencia en comunicación lingüística, as prácticas orais deben formar parte da actividade cotiá da aula en todas as áreas do currículo.

O cuarto bloque, debe ser abordado na aula, de forma contextualizada, relacionado coa comprensión e produción de textos, froito da concepción do coñecemento da lingua como instrumento e non como fin en si mesmo. O quinto bloque pretende reforzar o bloque 2, engadindo o achegamento ao feito literario, para que o alumnado o recoñeza como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. Do mesmo xeito, complementa o bloque 3, motivando outro tipo de produción

escrita que atenda especialmente a creatividade do alumnado.

O tratamento de todos estes contidos ten que ser abordado desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, polo tanto, ter en conta os contidos abordados nos 5 bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

Esta área de Lingua galega e literatura está estreitamente relacionada coa de lingua castelá e literatura. Ambas áreas teñen unha distribución de contidos similar en cada un dos cursos que conforman a educación primaria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, polo que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade que presentan en ambas as áreas, precisan ser abordados de maneira parella. O profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de lingua galega e literatura e de lingua castelá e literatura, en cada curso da educación primaria, deberá organizar o seu labor para evitar a repetición de contidos teóricos cun tratamento similar. Serán os contidos do bloque 4 os que requiren unha maior distribución entre as dúas áreas, pero algúns dos tres primeiros bloques, que teñen que ver coas características da tipoloxía textual, coas normas básicas de presentación de traballos ou o uso da puntuación, tampouco deben ser abordados en ambas as áreas desde un punto de vista teórico. Do mesmo xeito, é preciso que o profesorado se decante polo uso da mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. Todas estas medidas deberán ser contempladas na programación anual de cada área, para cada curso da educación primaria, onde tamén deberá mencionarse, se é preciso, a colaboración entre o profesorado para desenvolver determinadas actividades ou probas orais.

Do mesmo xeito, no centro teñen presenza lingua(s) estranxeira(s) que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo. Na busca dun tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece no caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas linguas e o de lingua estranxeira, para evitar a repetición de contidos teóricos, na liña dos que se mencionaron para as linguas ambientais, e se unifique a terminoloxía, sempre que sexa preciso. Ademais, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e a(s) ambiental(is). Polo tanto,

na programación de todas as áreas lingüísticas terán que terse en conta as iniciativas que promoven o tratamento integrado das linguas, así como a colaboración entre o profesorado antes detallada.

En definitiva, o currículo desta área persegue como obxectivo último crear cidadáns e cidadás conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa e capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

Obxectivos da área de Lingua Galega e Literatura

1. escoitar mensaxes orais con atención e con actitude respectuosa.
2. Comprender as ideas esenciais das mensaxes.
3. Expresar oralmente os seus desexos, experiencias, sentimentos e opinións de forma clara e ordenada, comezando a utilizar un vocabulario axeitado.
4. Participar en situacións de comunicación oral respectando as normas básicas que regulan a interacción (quendas de palabra, formulas de tratamento sinxelas e adecuadas, respecto polas opinións alleas...).
5. Articular correctamente os sons do galego segundo as normas básicas desta lingua.
6. Desenvolver a habilidade lectora: descodificación correcta, lectura mental, entoación e ritmos axeitados...
7. Recoñecer a información relevante de textos informativos sinxelos.
7. Recoñecer os elementos estruturais básicos de textos narrativos escritos (personaxes, accións, lugar, secuencia...).
8. Interpretar a linguaxe non verbal.
9. Redactar textos de estrutura e intención diversa (narracións, descricións, anuncios, diarios persoais...) seguindo estratexias ou pautas dadas que lles permitan identificar o tipo de texto.
10. Interesarse pola escritura como instrumento de expresión persoal, comunicación, aprendizaxe e planificación da propia actividade.
- II. Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.
11. Empregar a lingua galega para comunicarse cos demais.
12. Utilizar a terminoloxía lingüística e gramatical de forma básica para a produción de textos e coñecer as normas ortográficas máis sinxelas.
13. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece, especialmente galego e castelán para mellorar na aprendizaxe e evitar as interferencias que se poden dar entre

as dúas linguas.

14. Beneficiarse da lectura para a aprendizaxe no resto das áreas.
15. Utilizar os medios de comunicación impresa e audiovisual para escoitar, ler e obter informacións de interese.
16. Facer uso das tecnoloxías da información e a comunicación para obter, recoller e elaborar informacións sinxelas referidas a temas interesantes da vida cotiá.
17. Mostrar interese e curiosidade por textos literarios, tanto nos seus aspectos comprensivos como expresivos, e valorar a utilidade para outras aprendizaxes e o enriquecemento persoal.
18. Ler textos literarios sinxelos comprendendo o contido e significado.
19. Respectar os diversos usos, orais e escritos, da lingua galega.
20. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
21. Utilizar a lingua para destacar os valores da cultura galega e doutras culturas.
22. Manifestar actitudes de aprecio e respecto cara ás diferentes linguas valorando a lingua galega como lingua propia de Galicia e as posibilidades de comunicación que ela nos proporciona.
23. Iniciarse no hábito e o gusto pola lectura e amosar autonomía lectora e certa capacidade para seleccionar textos do seu interese.
24. Utilizar a biblioteca de aula, de centro e municipal e interesarse por iniciar unha biblioteca persoal.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSEIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase. ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Atende as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais. 	<p>intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.</p> <p>LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. ▪ LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. ▪ LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. ▪ LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita. ▪ LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

		en pequenogrupos.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ E ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Identificar o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.2. Usar unlinguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ásetnias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.1. Identificar a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.2. Recoñecer a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. ▪ B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.1. Comprender a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instruccións e explicacións). 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Comprender informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Interpretación da información das ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente das ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información das ilustracións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSIEE CMCT
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moiros sinxelos. LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> a b e i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Introducción ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento. LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoo ao seu sitio logo de los. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Iniciación á creación da biblioteca persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.1. Avisa interese pola conservación e organización dos seus libros. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.6.1. Avisa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC

		e medio de comunicación.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. ▪ B3.2. Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. ▪ B3.3. Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descricións, explicacións elementais). ▪ B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

			<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> a b e j o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Creación de textos moixinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b d e i j 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e i j 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b e i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA

		de comunicación e de expresión creativa.	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio. B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, de forma xeral, palabras esílabas 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> e o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos desorte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. ▪ B5.7. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.5.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

3.4. Área de Ciencias Sociais

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuir ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global.

O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos.

A mobilización de todos os recursos que conforman a área contribuirá á adquisición das competencias clave e ao desenvolvemento integral do alumnado ao longo de toda a etapa. Para iso, os elementos curriculares de Ciencias sociais deberán abordarse desde un enfoque metodolóxico práctico, integral, de uso social e con carácter funcional.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.

- Bloque 1, se establecen os contidos comúns da área, facendo referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixe fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal. Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, non como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade. O uso das ferramentas TIC tamén ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias sociais.
- No Bloque 2, O mundo no que vivimos, realízase o estudo da xeografía, tanto da contorna próxima, achegando ao alumnado á realidade que coñece, como de contextos

máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español. O bloque inclúe contidos que abranguen desde o Universo, a representación da Terra e a orientación no espazo, a auga e o consumo responsable, o clima e o cambio climático, a paisaxe e os seus principais elementos (relevo, clima, hidrografía...) e a intervención humana no medio e as súas consecuencias ambientais.

- A través dos contidos do Bloque 3, Vivir en sociedade, será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.
- No Bloque 4, As pegadas do tempo, traballarase a comprensión de conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade a través da realización de cronogramas, liñas do tempo, mapas mentais, árbores xenealóxicas, biografías etc. Investigarase sobre as grandes etapas históricas da humanidade para adquirir unha idea da idade da historia, asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e seus finais, sendo preciso coñecer as condicións históricas, eventos e persoas relevantes en diferentes períodos de tempo. É importante para o alumnado adquirir as referencias históricas que lles permitan elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través duns coñecementos básicos da historia de Galicia e de España, respectando e valorando os aspectos comúns e de carácter diverso.

Neste bloque utilizaranse diversas fontes textuais e gráficas como mapas e calquera outra representación adecuada para a identificación e a análise de procesos históricos.

O tratamento de todos os aspectos curriculares establecidos nos bloques comentados anteriormente, a adquisición eficaz das competencias clave por parte del alumnado e a súa contribución ao logro dos obxectivos da etapa educativa, requiren ter en conta unha serie de principios metodolóxicos e de organización que permitan avanzar cara mellora dos resultados:

■ Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, planificadas con rigor, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias ao longo de toda a etapa. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes. O traballo por proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, as experiencias de aprendizaxe por servizo, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo e as experiencias en comunidades de aprendizaxe serán propostas que responderían a ese perfil.

■ É fundamental na área de Ciencias sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

■ A planificación e o desenvolvemento destas propostas levan asociada a utilización de diversos instrumentos de avaliación: cartafol, diarios, rúbricas, debates, mapas mentais, probas específicas etc. que evidencian os distintos graos de execución das aprendizaxes. Destaca o papel activo do alumnado no proceso de avaliación, pois o uso do cartafol lle permite potenciar a autonomía e desenvolver o pensamento crítico e reflexivo.

■ Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.

■ O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.

■ O persoal docente deberá buscar propostas e estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el é o responsable

das súas aprendizaxes.

■ Desde o equipo educativo e as distintas comisións de coordinación fomentárase unha reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, acordada e compartida á hora de desenvolver un currículo coherente cun enfoque global e interdisciplinar que garanta o cumprimento dos principios pedagóxicos que se propoñen desde a área de Ciencias sociais. A existencia de contidos compartidos entre distintas áreas fai necesaria a dita coordinación docente e a dita concepción integral da proposta curricular.

Obxectivos da área de Ciencias Sociais

1. Iniciarse no uso da busca de información, rexistro e presentación sobre asuntos sinxelos do contorno próximo previamente delimitado.
2. Fomentar a creatividade e o espírito emprendedor para levar a cabo iniciativas innovadoras.
3. Coñecer os elementos principais do medio natural desde o máis próximo ao máis afastado.
4. Identificar o tempo atmosférico a través de sensacións corporais (frío, calor...).
5. Coñecer e identificar os fenómenos cotiáns como o día e a noite.
6. Favorecer actitudes positivas fronte aos problemas ambientais próximos ao seu contexto.
7. Identificar os beneficios da auga como elemento indispensable para o ser humano e para todos os seres vivos.
8. Coñecer e identificar os elementos naturais e os elementos que construíron os seres humanos próximos ao seu contorno próximo.
9. Coñecer como se organiza o seu ámbito máis próximo (barrio, municipio...).
10. Ser consciente da súa pertenza certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.
11. Identificar feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito máis próximo.
12. Identificar as características doutros grupos sociais e mostrar respecto por eles.
13. Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: día, mes e datas significativas.
14. Coñecer e identificar as unidades de tempo básicas.
15. Utilizar o calendario e situar os meses, os días ou as datas significativas.
16. Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.

17. Participar en actividades grupais, respectando as normas establecidas, a quenda de palabra, poñendo atención nas intervencións, achegando ideas e tendo consideración polas decisións e os acordos tomados.

18. Identificar diferentes elementos viais que debe recoñecer un peón en situacións cotiás.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				

b d e h i	<p>B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecementocientífico.</p> <p>B1. 2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación deaprendizaxes.</p> <p>B1. 3 Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala,documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación dasconclusionés.</p> <p>B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadarobxectivos.</p>	<p>B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzorealizado.</p>	<p>CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<p>CAA CCL CD CMCCT</p>
			<p>CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativana toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<p>CSIEE CAA CSC</p>
a b c d m	<p>B1.5.O traballo en equipo.</p> <p>B1.6.Iniciación na creación e uso de hábitos e técnicas deestudo.</p> <p>B1.7.Valoración do esforzoe coidado do material.</p>	<p>B1.2. Traballar en equipo e adoitara un comportamentode respecto e tolerancia ante as achegasalleas.</p>	<p>CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamentoresponsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado domaterial.</p>	<p>CSC CAA</p>
	<p>B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica deconflitos.</p>	<p>B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica deestudo.</p>	<p>CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxeloscomo técnica básica deestudo.</p>	<p>CAA</p>
h o	<p>B1.9.Utilización da terminoloxía propia daárea.</p>	<p>B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxíapropia daárea.</p>	<p>CSB1.4.1.Identificaa terminoloxía propia da área.</p>	<p>CCL CMCCT CSC</p>
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA				
h j o	<p>B2.1.A contorna física: observacións das características principais.</p>	<p>B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso dasTIC.</p>	<p>CSB2.1.1.Elabora e recolle información sobre aspectosda súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.</p>	<p>CMCCT CD CAA</p>
			<p>CSB2.1.2 Describe os elementos básicos dasúa contorna máispróxima.</p>	<p>CMCCT CCL</p>
h h a o	<p>B2.2.O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumosresponsables.</p>	<p>B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.</p>	<p>CSB2.2.1.Describe as características principais do aire e daauga.</p>	<p>CMCCT CCL</p>

		B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.	CMCCT CSC CCL
g h i o	B2.3. O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital,...	B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel e dixital.	CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel e dixital.	CMCCT CD CCL
		B2.5. Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación co tempo dos xornais.	CSB2.5.1. Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexístrate comprobación sobre o tempo atmosférico local.	CMCCT CAA
h g e	B2.4. Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asociado ás diferentes partes do día e á noite.	B2.6. Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.	CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	CMCCT CCL
		B2.7. Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	CSB2.7.1. Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.	CMCCT CAA
a h o	B2.5. Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza.	B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos polo home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1. Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunhas das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	CMCCT CAA
		B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	CSC CMCCT
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE				

a c h	B3.1. Investigamos sobre as relacións de parentesco e roles familiares.	B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	CMCCT CSC CAA
a h	B3.2. A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.	B3.2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	CMCCT CSC CCL
a h	B3.3. Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.	B3.3. Recoñecer á pertenza a certos grupos e participarlles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	CSC ▪
h e	B3.5. Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento.	B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCCT CAA
h n	B3.6. Educación viaria. Camiñando pola rúa.	B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	CSC CAA
j h o	B3.7. Manifestacións culturais da contorna.	B3.8. Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	CSB3.8.1. Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	CCEC CSC CCL
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.				

h gc h e	B4.1. Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	B4.1. Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas.	CSB4.1.1. Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..	CSC CAA CCL
		B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSC CAA CCL
h g e	B4.2. Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes.	B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo.	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	CMCCT CCL

3.5. Área de Ciencias da Natureza

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual (saber dicir), un coñecemento relativo ás destrezas (saber *facer*) e un coñecemento con grande influencia social e cultural

e que implica un conxunto de valores e actitudes (saber ser). As competencias clave non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

O argumento sinalado, que fala dun proceso, deberá permitir a aproximación ao método científico e ao uso das tecnoloxías de maneira secuenciada. Ao ingresar en educación primaria, o período evolutivo fala dun pensamento intuitivo, global e concreto: o alumnado non está suxeito a unha previa análise ou dedución lóxica, senón que a súa expresividade nace da intuición ou da percepción sensorial; así inicia o ensino primario cun conxunto de ideas, representacións, coñecementos, habilidades, destrezas e disposicións emocionais e afectivas relacionadas co contorno, que estrutura en forma de esquemas xunto a teorías ou hipóteses que lle permiten dar resposta a todo o que sucede. A interpretación, comprensión, explicación e expresión da realidade non son habilidades autónomas dunha determinada área. Precisan da confluencia de todas as áreas de coñecemento, favorecendo unha visión interdisciplinaria na que cada equipo docente e cada mestra ou mestre deseñará, implementará e avaliará tarefas integradas contextualizadas nas que o alumnado se implique nun proceso que o leve acadar un produto que satisfaga as competencias que se sinalan, para cada particularidade.

O currículo da área está formulado partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional no que se atopa o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co contorno e da súa andaina cara a un pensamento máis abstracto ao final da etapa.

Todos os aspectos da área de Ciencias da natureza son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

A adquisición de conceptos científicos non debe ser o único propósito da área senón que tamén debe lograr introducir o valor funcional da ciencia para que o alumnado sexa quen de explicar fenómenos cotiáns proporcionándolles as ferramentas para explorar a realidade natural de forma obxectiva, rigorosa e comprobada. Debe fomentar a curiosidade sobre fenómenos novos ou problemas inesperados, a necesidade de respectar o medio ambiente, o espírito de iniciativa e tenacidade, a confianza en si mesmo/a, a necesidade de coidar do seu propio corpo, o pensamento crítico que non se contenta cunha actitude pasiva, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico e

permitirlles pensar e desenvolver o seu pensamento de forma independente así como respectar a opinión dos e das demais e iniciarse na argumentación e no debate de ideas.

Os contidos están organizados en 5 bloques que, dada a súa interrelación, non deben ser traballados de forma illada senón integrada. O tratamento dos seus conceptos debe permitir ao alumnado avanzar na adquisición de ideas do coñecemento científico e na súa estruturación e organización, de forma coherente e articulada. Por outra banda, os contidos procedementais, relacionados co "saber facer" teórico e práctico, han de permitir ao alumnado iniciarse en coñecer e empregar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e análise de problemas, a recollida, a organización e o tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións e o emprego de fontes de información, incluíndo as proporcionadas polos medios tecnolóxicos actuais e a comunicación dos resultados obtidos. Para o desenvolvemento de actitudes e valores, os contidos seleccionados han de promover a curiosidade, o interese, o respecto por si mesmo/a, polos demais, pola natureza e cara ao traballo propio das ciencias experimentais, así como unha actitude de colaboración no traballo en grupo.

- O bloque 1: Iniciación á actividade científica, oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.
- O bloque 2: O ser humano e a saúde, integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.
- O bloque 3: Os seres vivos, oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.
- O bloque 4: Materia e enerxía, inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.
- O bloque 5: A tecnoloxía, aparellos e máquinas, inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os

avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actual.

Por último, establécense as seguintes *orientacións metodolóxicas*:

✚ Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Resulta imprescindible unha estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

✚ Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

✚ As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

✚ Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas...

✚ Debe potenciarse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

✚ No currículo establécense os estándares de aprendizaxe avaliáveis que permitirán definir os resultados das aprendizaxes e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Ciencias da natureza. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, una vez finalizada esta, deberán estar acadados e consolidados.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

1. Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos científicos.

2. Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos sinxelos.
3. Coñecer e valorar a importante achega da ciencia e da investigación para mellorar a calidade de vida e benestar dos seres humanos.
4. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano, respectando as diferenzas.
5. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento dos aspectos básicos do seu corpo.
6. Mostrar unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais (idade e sexo).
7. Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.
8. Participar en actividades grupais respectando as normas e regras de convivencia (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados) e realizando as tarefas asignadas dunha forma responsable.
9. Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, valorándoa criticamente e adoptando un comportamento na vida cotiá de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.
10. Participar na conservación e mellora do medio: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar os animais e as plantas.
11. Identificar os principais elementos do medio natural analizando a súa organización, as súas características e interaccións, e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
12. Identificar os elementos principais do medio natural, partindo do próximo ao afastado.
13. Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do medio natural.
14. Iniciarse na recollida de datos do medio natural.
15. Valorar positivamente a realización de tarefas e gozar coa súa execución coidadosa.
16. Manifestar a súa capacidade de observación e de uso de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceptos polos que identifica o ser vivo co que se move.
17. Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparatos sinxelos coa finalidade de coñecer as características e funcións dalgunhas máquinas, utilizando o coñecemento

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
b e h i j	B1.1. Iniciación á actividade científica. B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.	B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	CAA CCL CMCCT CSIEE CCEC CD
			CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE

a b c m	B1.5. O traballo cooperativo. B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCCT CSC CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
a b e d h k m	B2.1. Identificación do home e da muller como seres vivos. B2.2. Comparación con outros seres vivos. B2.3. Observación de iguais e diferenzas entre as persoas. B2.4. Identificación das partes do corpo humano. B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos.	B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo. CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCCT CSC CMCCT CSC CMCCT CCL CSC
a b d h k m	B2.6. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.	B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	CMCCT CSC CMCT CSC
b c e g h	B2.7. Identificación de alimentos diarios necesarios. B2.8. Análise e costumes na alimentación diaria.	B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	CMCCT CSIEE
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
e h	B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais. B3.2. Identificación das	B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	CMCCT CCL
l	características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.	das plantas e dos animais.	CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	CMCCT CCL

			CNB3.1.3. A mosas condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CMCCT
a b c e h i j l m o	<p>B3.3. Observación e identificación de animais e plantas do contorno.</p> <p>B3.4. Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados empregando diferentes soportes.</p> <p>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno.</p>	B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	CMCCT CCL CAA CSIEE CD
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
a b e h	<p>B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.</p> <p>B4.2. Uso responsable da auga na vida cotiá</p> <p>B4.3. Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo.</p>	B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	<p>CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.</p> <p>CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.</p>	CMCCT CSC CSIEE CMCCT CSC
b g h	B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade.	B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	CMCCT
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
a b c d e h j m	<p>B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.</p> <p>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoura, espremador etc.)</p> <p>B5.3. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá.</p>	B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízaos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	<p>CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.</p> <p>CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.</p>	CMCCT CSC CCL CMCCT CSC CSIEE
a b h i	<p>B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.</p> <p>B5.5. Coidado dos recursos informáticos.</p>	B5.2. Empregar o ordenador identificandoos compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	CMCCT CD CCL

			CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bouso.	CMCCT CD
--	--	--	---	-------------

3.6. Área de Valores Sociais e Cívicos

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía

participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas - persoais, interpersoais e interculturais- para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A proposta desta área, formar ás persoas desde o inicio da educación primaria na reflexión e a vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste xeito, enriquecéanse as experiencias sociais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. En primeiro lugar, o propósito é que cada alumno e cada alumna adquiera as competencias necesarias para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Unha vez elaborada a súa identidade persoal, o neno e a nena están preparados para recoñecer o outro ou outra. Por iso, indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e propóñense elementos relacionados coas habilidades necesarias para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Unha vez que as persoas somos quen de coñecernos e aceptarnos á vez que comprendemos e respectamos os demais, podemos asumir a complexidade da convivencia social. Neste momento, estímúlanse actitudes que propician a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade de acordo cos valores, dereitos e deberes do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Constitución Española.

Neste sentido, favorécese a comprensión dos principios de xustiza, liberdade e seguridade, sobre os que se asenta a garantía da convivencia democrática, a promoción do progreso da cultura e da economía, así como o establecemento e a colaboración no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da terra.

Desta maneira oriéntase aos alumnos e ás alumnas para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Valores sociais e cívicos contribúe a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de

reflexión, síntese e estruturación. Axúdaos a enfrontarse aos problemas, experimentar e realizar proxectos en equipo, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

O ensino da área require que o profesorado estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

Para facilitar a concreción curricular establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global tendo en conta as conexións internas tanto a nivel de curso como ao longo da etapa.

As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuindo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado —xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial— para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

Finalmente, mediante a toma de decisións baseadas en xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración, contribúese á adquisición das competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

Obxectivos da área de Valores Sociais e Cívicos

1. Desenvolver un autoconceito positivo que permita a percepción e a expresión axustada das emocións, os seus signos físicos e os sentimentos propios e alleos.
2. Recoñecer as características físicas e as calidades persoais, para favorecer a aceptación persoal positiva.
3. Tomar conciencia da importancia de mellorar a capacidade de autocontrol emocional para desenvolver maior tolerancia á frustración e favorecer o crecemento persoal e a interacción social.
4. Analizar condutas cotiás que permitan a adquisición e a autorregulación de hábitos saudables de autocoidado que fortalezan a autonomía.
5. Realizar tarefas dirixidas ao incremento da adquisición de aptitudes e actitudes responsables en diversos contextos da vida cotiá mostrando motivación e entusiasmo.
6. Coñecer os dereitos e os deberes das persoas, a través da Declaración dos Dereitos do Neno, analizando os seus dereitos con relación ao xogo, á vivenda e á alimentación.
7. Participar en actividades que permitan a expresión e a comunicación de sentimentos e emocións a través de elementos da linguaxe corporal.
8. Desenvolver a capacidade de diálogo traballando habilidades de comunicación tales como a escoita activa, o respecto da quenda de palabra e a expresión clara das ideas.
9. Desenvolver a empatía para identificar as emocións e as calidades dos outros, apreciar a riqueza das diferenzas e comprender as súas accións.
10. Realizar traballos cooperativos que permitan satisfacer as necesidades persoais e do grupo nun ambiente de compañeirismo e de axuda mutua.
11. Valorar a participación en dinámicas recreativas de grupo como medio para gozar dos compañeiros e dos amigos e mellorar as habilidades sociais.
12. Coñecer e respectar normas básicas de convivencia no ámbito familiar e escolar.
13. Analizar condutas cotiás que favorecen as normas de convivencia no contexto escolar.
14. Indicar experiencias positivas e negativas da vida cotiá que permitan analizar conflitos escolares habituais e as súas posibles solucións.
15. Xerar situacións que promovan o manexo responsable dos materiais persoais e

escolares.

16. Tomar conciencia das actitudes que incitan á deterioración ou ao respecto e á conservación do medio.

17. Coñecer as normas básicas de educación vial distinguindo os sinais de tráfico máis comúns que han de respectar os peóns para velar pola súa seguridade e a do resto das persoas.

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA				
m	B1.1. O autocoñecemento. A toma de conciencia dun mesmo/a. A autopercepción positiva das calidades persoais. A descrición física.	B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.	CSC
			VSCB1.1.2. Expresa oralmente a súa autodescrición.	CSC CCL
			VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.	CSC CCL
am	B1.2. As emocións. Identificación e expresión. O vocabulario das emocións. Os estados de ánimo.	B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.	CSC CSIEE

		físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.2.Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións	CSC CCL
			VSCB1.2.3.Dramatiza diferentes estados de ánimo.	CCL CCEC
m	B1.3. A autorregulación das condutas cotiás. O control dos impulsos. A relaxación.	B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.	VSCB1.3.1.Participa na práctica de técnicas de relaxación.	CSC CSIEE
			VSCB1.3.2.Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.	CSC CSIEE
			VSCB1.3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.	
b	B1.4. A responsabilidade. A realización responsable das tarefas. As consecuencias das accións. A motivación extrínseca.	B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	CSIEE
			VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.	CSC CSIEE CAA
BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
m	B2.1. Habilidades de comunicación: A importancia de pensar o que se vai expresar. Componentes da comunicación non verbal: postura, xestos, expresión facial.	B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.1. Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.	CCL CSC
			VSCB2.1.2. Responde a preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	CCL CSC CSIEE
b e	B2.2. A conversa. A expresión clara das ideas. A escoita atenta. O respecto da quenda de palabra.	B2.2. Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.	VSCB2.2.1. Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.2.2. Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.	CCL CSC

m	B2.3. O respecto e avaloración dos e das demais. Aempatía.	B2.3.Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súasemoções.	VSCB2.3.1. Describe oralmenteas características de diferentes persoas.	CSC CCL
			VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demaispersoas.	CCL CSC
			VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas oupelículas.	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.3.4. Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e dasprotagonistas.	CSC CCEC
e m	B2.4. O respecto e a valoración. A comprensión dos e das demais. A detección das calidades doutras persoas. O descubrimento e a comprensión das diferenzas.	B2.4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas,realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.	VSCB2.4.1. Representa e dramatiza diferentes formasde vida.	CSC CCEC
			VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emitecumprimentos.	CCL CSC ▪
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				
m	B3.1. As habilidades sociais. A detección das propias necesidades. A boa disposición para recibir e dar axuda. A participación en actividades lúdicas grupais. O gozo daamizade.	B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en contaas propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e daraxuda.	VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacciónsocial.	CSC CNIEE
			VSCB3.1.2. Pide axuda, candoa precisa, e presta axuda aos compañeiros ecompañeiras.	CSC CNIEE
			VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros ecompañeiras.	CSC
			VSCB3.1.4. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntosde vista e sentimentos durante a interacción social naaula.	CSC CNIEE
c	B3.2. A resolución de conflitos. Identificación de situacións agradables e desagradables na vida cotiá. Recoñecemento dos conflitos habituais. Explicación dos conflitoscotiás.	B3.2.Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	VSCB3.2.1.Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súaidade	CAA CSIEE CSC
a o	B3.3. As normas de convivencia.O coñecemento e o respecto das	B3.3.Valorar as condutas cotiás en	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia	CSC

	normas de convivencia na casa e na aula. A valoración das condutas cotiás en relación coas normas de convivencia. B3.4. Respecto e conservación do medio ambiente. O uso responsable dos materiais persoais e escolares.	relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.	da aula. VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares. VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.	CSC CSIEE CSC
d	B3.5. Valoración da igualdade de dereitos entre homes e mulleres na familia e na escola.	B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	CSC CSC
n	B3.6. A educación viaria. As normas básicas de educación viaria. Sinais de tráfico para os peóns ou peoas.	B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria.	VSCB3.5.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente. VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.	CSC CSIEE CSC CAA CSC CCL

3.7. Educación Artística (Música)

Contribución da área de Educación Musical á adquisición de competencias clave

Analizando o perfil competencial da área de Educación Musical apréciase a súa especial contribución ao desenvolvemento da Conciencia e expresións culturais, a través do desenvolvemento da creatividade, do coñecemento de códigos musicais, cancións didácticas e populares, audicións clásicas, etc. Ademais aporta unha incidencia notable ao resto das competencias:

CCL: Adquirindo o vocabulario específico; desenvolvendo capacidades de dicción, articulación e respiración a través do canto e da prosodia rítmica; apoiando a aprendizaxe musical con textos, palabras e frases que se poidan relacionar cos elementos da música.

CMCT: Coñecemento das figuras musicais, ritmo e compases; analizando a forma musical dunha peza; utilizando o pentagrama; experimentando cos compases.

CD: Utilizando a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música; dominando o funcionamento de distintos aparellos electrónicos (encerado dixital, tableta, mp3...).

CAA: Mostrando curiosidade polo resultado final dunha actividade; utilizando os coñecementos adquiridos en outras situacións; aumentando a capacidade de observación; utilizando a música como medio de expresión de vivencias, que contribúan á resolución de situacións novas e espontáneas.

CSC: Coidando e conservando os materiais e instrumentos musicais; traballando en grupo e asumindo responsabilidades; seguindo as normas da aula de música; interpretando en grupo cunha actitude de respecto e escoita cara ó que outros tocan; axudando a aceptar as limitacións propias e alleas e as críticas; cantando e bailando de forma grupal para chegar a un logro común.

CSIEE: Desenvolvendo iniciativas e solucións diversas; adquirindo coñecementos a partir da exploración; traballando con autonomía escollendo entre diversas posibilidades a solución máis adecuada; traballando de forma cooperativa en pequeno grupo, aportando ideas; creando obras musicais propias.

Obxectivos xerais

Dentro dos obxectivos da educación primaria, a educación musical contribúe a traballar especialmente os seguintes:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Obxectivos específicos

1. Discriminar auditivamente os sons do seu ámbito máis próximo diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
3. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
4. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
5. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto. 6. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e retrouso, e ostinato rítmico. 7. Utilizar as posibilidades sonoras do propio corpo.
8. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
9. Explorar as calidades sonoras de instrumentos non convencionais de calidade acústica.
10. Coñecer e descodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.

11. Interiorizar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.

12. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.

Secuenciación de contidos e temporalización

PRIMEIRA AVALIACIÓN						
Bloque	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		
	1.			Mes	Sesións	
	Contidos					
Bloque1:Escoita / Bloque 2: Interpretación musical / Bloque 3: A música, o movemento e a danza	B1.1	Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.			Oct/Nov	5
	B1.2	Identificación de trazos distintivos de son				
	B1.4	Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.				
	B1.5	Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.				
	B1.11	Elementos da música: tempo e dinámica.				
	B2.1	Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.				
	B2.3	Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.				
	B2.4	Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.				
	B2.5	Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.				

B3.1	Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.		
2.		Temporalización	
Contidos		Mes	Sesións
B1.9	Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).	Nov / Dec	5
B1.10	Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.		
B1.13	Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.		
B2.2	Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.		
B2.7	Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.		
B2.8	Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.		
B2.9	Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.		
B3.2	Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.		

SEGUNDA AVALIACIÓN

UNIDADES DIDÁCTICAS				
Bloque 1: Escoita / Bloque 2: Interpretación musical / Bloque 3: A música, o movemento e a danza	1.		Temporalización	
	Contidos		Mes	
	B1.1.	B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.	Xan / Feb.	4
	B1.3.	Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.		
	B1.7.	Audición de pezas vocais e instrumentais		
	B1.11.	Elementos da música: tempo e dinámica		
	B1.12.	Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.		
	B1.13.	Forma musical: repetición e contraste. Identificación da		
	B2.1.	Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.		
	B2.2.	Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.		

	B2.8.	Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.		
	B3.2.	Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.		
	2.		Temporalización	
	Contidos		Mes	Sesións
	B1.4.	Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.	Feb / Mar.	5
	B1.6.	Clasificación de texturas e tonalidades, e apreciación de formas naturais e artificiais, exploradas desde diferentes ángulos e posicións. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.		
	B1.8.	Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.		
	B1.10.	Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.		
	B2.3.	Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.		
	B2.4.	Emprego de distintos soportes nas creacións. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.		
	B2.5.	Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.		
	B2.7.	Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.		
	B2.10.	Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.		
	B3.3.	Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.		

TERCEIRA AVALIACIÓN

UNIDADES DIDÁCTICAS				
Bloque 1: Escucha / Bloque 2: Interpretación musical / Bloque 3: A música, o movemento e a danza	1.		Temporalización	
	Contidos		Mes	Sesións
	B1.1.	Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade	Abril/Maio	4
	B1.3.	Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.		
	B1.4.	Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.		
	B1.6.	Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.		
	B1.8.	Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.		
	B2.6	Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.		

B2.8	Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.		
B2.9.	Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.		
B3.1	Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.		
2.		Temporalización	
Contidos		Mes	Sesións
B1.1	Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.	Maio / Xun.	5
B1.7.	Audición de pezas vocais e instrumentais		
B1.10.	Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.		
B1.11.	Elementos da música: tempo e dinámica.		
B1.12.	Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.		
B2.3.	Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.		
B2.4.	Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.		
B2.5.	Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas		
B2.7	Iniciación á notación musical e ás graffias non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.		
B2.10	Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.		
B3.1	Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.		

Critérios e avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles

Indicadores / estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	Peso (%)
1º-EMB1.1.5-Identifica voces masculinas e femininas.	80% Discrimina a voz feminina e masculina	5 %
1º-EMB1.1.3-Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	70% Recoñece os sons da súa contorna	4 %
1º-EMB1.2.1-Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións	80% É quen de respectar os tempos de silencio en tódalas situacións	4 %
1º-EMB1.2.2-Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	90% É respectuoso/a coas opinións dos demais	4 %
1º-EMB2.2.3-Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	70% Realiza o proceso de respiración conscientemente	4 %
1º-EMB3.1.2-Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	80%. Amosa interese pola interacción cos demais respectando as normas	4 %
1º-EMB3.2.1-Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	80% É quen de responder corporalmente a estímulos sonoros	4 %
1º-EMB3.2.3-Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	80% Expresa emocións e sentimentos empregando o corpo	4 %
1º-EMB1.1.2-Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	60% É quen de recoñecer as calidades do son e de representalas	3.5 %
1º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados.	60% É quen de repetir diferentes esquemas rítmicos logo da súa escoita	3.5 %
1º-EMB1.1.1-Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	60% Explora o son con soltura.	3 %
1º-EMB1.1.4-Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a	50% É quen de traballar as novas tecnoloxías para	3 %

discriminación auditiva destas calidades.	traballar as calidades do son	
1º-EMB1.3.1-Coñece algunhas persoas compositoras e relacións coas súas obras.	40% Recoñece os compositores e as súas obras	3 %
1º-EMB1.3.2-Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista público.	40% É quen de recoñecer a composición dunha orquestra	3 %
1º-EMB1.4.1-Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	40% É capaz de expresarse mediante a música	3 %
1º-EMB1.4.2-Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	60% É quen de empregar adecuadamente o vocabulario musical adecuado para a súa idade	3 %
1º-EMB1.5.1-Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca enega.	40% Emprega correctamente os elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca enega.	3 %
1º-EMB1.5.2-Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	40% É quen de representar elementos do son empregando notacións nos convencionais	3 %
1º-EMB1.5.3-Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	30% Emprega medios informáticos con soltura para a realización de actividades musicais	3 %
1º-EMB2.1.2-Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	30% Emprega materiais de reciclaxe para elaborar pequenos instrumentos	3 %
1º-EMB2.2.1-Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	50% É quen de interpretar un repertorio de cancións sinxelas individualmente ou en grupo	3 %
1º-EMB2.2.2-Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha baseada.	40% Improvisa producións melódicas sobre unha base dada	3 %
1º-EMB2.2.4-Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	50% É quen de interpretar con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	3 %

1º-EMB2.3.1-Acompaña canciones, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	70% Emprega fórmulas rítmicas básicas para acompañar canciones, danzas e textos	3 %
--	---	-----

1º-EMB2.3.2-Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	60% É quen de xogar a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos	3 %
1º-EMB2.3.3-Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	70% Emprega as figuras básicas para crear sinxelos esquemas rítmicos	3 %
1º-EMB2.3.4-Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	45% Acompaña identificando a súa grafía, recitacións, cancións e pezas instrumentais escollendo e combinando ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoro	3 %
1º-EMB2.3.5-Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	65% É quen de sonorizar situacións, breves relatos e imaxes, identificando a súa grafía	3 %
1º-EMB3.1.1-Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	70% É quen de levar a cabo coreografías	3 %
1º-EMB3.2.2-Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coamúsica.	80% Desprázase coordinadamente ao ritmo da música	3 %

Procedementos e instrumentos de avaliación

A cualificación de cada avaliación virá dada polos dos seguintes aspectos:

- Traballo diario: 40%.
- Comportamento e actitude: 20%.
- Respostas orais e escritas ás preguntas: 10 %.
- Interpretación musical: 20%.
- Limpeza e coidado do material, coas actividades ordenadas e rematadas: 10%.

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

- **Observación:** a través de listas de control para avaliar aspectos coma o desenvolvemento afectivo ou psicomotor, dificilmente medibles con outro tipo de técnica.
 - **Diarios de clase:** Anotando aspectos máis relevantes dos alumnos de cara á posterior intervención educativa.
 - **Resolución de problemas:** Consiste en solicitar ó alumno a resolución dun problema relacionado coas súas habilidades.
-
- **Intercambios orais cos alumnos:** diálogos, asembleas...
 - **Análise das producións** dos nenos, orais ou escritas.
 - **Rúbricas:** Utilizadas para medir os logros derivados da consecución das competencias, xa que garanten unha avaliación obxectiva.

Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial ten especial importancia para a planificación da programación, especialmente na secuenciación do material e a programación, das necesidades específicas e, polo tanto, para o éxito da acción educativa. Non ten por que ser unha actividade especial, senón que se realizará nas primeiras sesións de traballo co alumnado. Ao longo dos meses de setembro e outubro recolleranse datos sobre os coñecementos que posúe o alumnado. A avaliación inicial levarase a cabo a través de:

- Observación diaria do traballo do alumno na aula.
- Proba oral de contidos do nivel correspondente para ver os coñecementos previos sobre a materia.

Nesta avaliación inicial imos obter información sobre: coñecementos musicais e experiencias anteriores dos nenos, co fin de que a aprendizaxe sexa verdadeiramente significativa; gustos e intereses; capacidades e aptitudes...

Este proceso cobra especial importancia con respecto ó ANEAE, xa que permitiranos establecer o tipo de actividades que faciliten a aprendizaxe segundo as dificultades presentadas. Os alumnos que o precisen recibirán reforzo educativo para axudarlles a mellorar o seu rendemento.

Actividades de recuperación e reforzo para lograr dita recuperación

Nos casos nos que non se acaden os mínimos esixibles ou sexa necesario levar a cabo un reforzo educativo na aula, se utilizarán materiais didácticos complementarios que permitan axustar o proceso de ensino-aprendizaxe (canciós con contidos similares aos traballados, xogos de repaso, actividades no encerado dixital, fichas de reforzo, etc.).

Metodoloxía didáctica

A aprendizaxe será global, integradora, encamiñada a formar cidadáns e cidadás capaces de moverse no mundo actual con liberdade, respecto e responsabilidade, capaces de enfrontarse

a novas situacións solucionando os problemas que podan xurdir e capaces de aprender de cada unha destas situacións. A liña metodolóxica será:

- Global.
- Integradora e construtiva.
- Activa e participativa.
- Adaptada á diversidade, capacidades e intereses do alumnado.

Tratamento didáctico dos bloques de contidos

Os diferentes bloques de contidos serán traballados de forma combinada en todas as sesións. O mestre será o encargado de organizar os contidos para que isto sexa posible.

Bloque 1. escoita: Os contidos teñen como obxectivo o desenvolvemento da **percepción auditiva** en tódalas fórmulas sonoras e musicais que forman parte intrínseca do feito musical. Nos procedementos inclúense a audicións de obras musicais, tanto como recurso para introducir diferentes contidos da linguaxe musical como un medio para despertar o interese artístico musical dos alumnos. Tamén se contempla a aprendizaxe significativa dos elementos da lectura e escritura musicais, como un paso posterior ás experiencias prácticas e experiencias auditivas.

Bloque 2. Interpretación musical: Este bloque fai referencia tanto á **expresión instrumental como vocal**. Con respecto á expresión instrumental, agrúpanse os contidos que poden contribuír ó desenvolvemento de habilidades motrices e de comprensión do fenómeno sonoro. A selección dos instrumentos debe adaptarse ás posibilidades do alumnado e medios dispoñibles. Con respecto á expresión vocal a finalidade é educar, coñecer e potenciar as posibilidades da voz, tanto como medio de expresión, creación e interpretación, como o coñecemento de cancións de diversas culturas e épocas. O desenvolvemento do canto e da canción proporciona unha vía de acceso directo á comprensión dos elementos da linguaxe musical e promove as habilidades lingüísticas. Esixe ademais unha participación activa, traballo cooperativo e actitude de respecto

por parte de todo o grupo, polo que en ningún caso deberá seleccionarse ós alumnos por razóns de aptitudes específicas.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza: A través deste bloque preténdese que os alumnos desenvolvan a súa capacidade de **expresión e creatividade a través do propio corpo e da danza**, desenvolvendo a súa psicomotricidade e axudándolles a organizar as necesidades de expresión e comunicación que toda educación estética necesita.

Materiais e recursos didácticos

Ordenador, equipo de son, discos, instrumentos de pequena percusión, frutas doces, instrumentos de láminas, tubos sonoros, musicogramas, contos, encerado branco e pentagramado, etc.

3.8. Educación Artística (Plástica)

Á hora de abordar a Educación artística, que nesta etapa engloba a Educación

musical e a Educación plástica, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

Nesta etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado, feito no que se centran algúns dos estándares deste currículo, xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

Xa que logo, para desenvolver este currículo tivemos en conta a total integración nel da aprendizaxe por competencias, de xeito que o profesorado poida utilizar este documento como guía e base da adquisición de competencias do seu alumnado, obxectivo primordial deste enfoque.

Para isto, é imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.

Así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e propónse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

Faise necesaria unha implicación do profesorado na creación de materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe, así como un compromiso co desenvolvemento destas metodoloxías na aula, feito que leva consigo un importante nivel de coordinación de todos os membros da comunidade educativa - en particular as familias-, unha reflexión e a avaliación dos resultados, para definir melloras posteriores.

Educación plástica

- Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

- Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

- Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

Obxectivos de Plástica

1. Manipular programas informáticos para elaborar debuxos simples.
2. Traballar a imaxe fotográfica buscando a realidade representada nela.
3. Coñecer os diferentes tipos de liñas e representalas.
4. Coñecer e representar as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo).
5. Xerar series de composicións modulares sinxelas.
6. Encontrar no seu contorno próximo representacións de simetrías.
7. Identificar o punto como elemento esencial da forma en diferentes producións.
8. Situar no espazo do soporte facilitado as creacións propias.
9. Coñecer diferentes tons e xerar variacións de luminosidade nestes.

10. Identificar representacións planas e de volume das formas.
11. Gozar realizando creacións artísticas propias.
12. Aceptar as críticas aos produtos propios e aprender a valorar os dos outros.
13. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.
14. Gozar das propias obras feitas de forma individual ou en grupo.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				

a j b	B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno.	B1.1. A mosar respecto pola áreae polos diferentes tipos de expresión plástica.	EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	CCEC CSC
a j b	B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación a realizar un traballo. B1.3. Satisfacción na manipulación e na exploración de diferentes materiais. B1.4. Interese por usar adecuadamente os instrumentos, os espazos etc.	B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	CCEC CSC
j e	B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico. B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos e outros.	B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	CCEC CAA
			EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	CCEC CCL
			EP1.3.3. Identifica os tamaños.	CCEC CMCCT
			EP1.3.4. Identifica e usa cores aprendidas.	CCEC
			EP1.3.5. Nomea e reconece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.	CCEC CCL CMCCT
			EP1.3.6. Reconece e nomea as principais partes da figura humana.	CMCCT CCL
			EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.	CCEC CMCCT
			EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.	CCEC CMCCT
e j	B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas. B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas. B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera.	B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas.	EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.	CCL CSIEE CCEC
j	B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación	B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo.	EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo.	CCEC CAA CMCCT

	coespazo. B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o spazo (fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.).		EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e assituacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.	CCEC CAA
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
j	B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.	B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturase cores.	EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	CCEC
			EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.	CCEC CSIEE
			EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	CCEC CAA
			EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	CCEC
j	B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc. B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.). B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras.	B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.	CCEC CAA
			EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	CCEC CSIEE
			EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os tamaños.	CCEC
			EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	CCEC CAA
a b	B2.5. Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos.	B2.3. Respetar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.	EPB2.3.1. Respetar as normas preestablecidas e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.	CCEC CSC

TEMPORALIZACIÓN

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
C. SOCIAIS	Unidades 1, 2 e 3	Unidades 4, 5 e 6	Unidades 7, 8 e 9
C. DA NATUREZA	Unidades 1, 2 e 3	Unidades 4, 5 e 6	Unidades 7, 8 e 9
MATEMÁTICAS	Unidades 1, 2 e 3	Unidades 4,5 e 6	Unidades 7,8 e 9
LINGUA CASTELÁ	Unidades 1, 2 e 3	Unidades 4, 5 e 6	Unidades 7, 8, e 9
LINGUA GALEGA	Unidades 1, 2 e 3	Unidades 4, 5 e 6	Unidades 7, 8 e 9
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3

MÍNIMOS EXISIBLES

Tal e como se establece na nosa normativa os **obxetivos**, **criterios** e os **estándares de aprendizaxe** son os **referentes** da avaliación e, máis concretamente, os estándares permitennos valorar contidos e competencias a un tempo, agrupándose e formando o [perfil de área](#), que recollerá todos os relacionados coas áreas de 1º curso establecidos no currículo.

Nesta programación para **poñer a nota ordinaria en cada trimestre, e ao final de curso, todos os estándares ponderan o mesmo.**

Por outra parte, sinalar que os **mínimos esixibles** propostos para cada estándar é do 50%. Para avaliar as **competencias clave**, teranse en consideración as diferentes áreas que se relacionen cunha mesma competencia formando o [perfil competencial](#).

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Respecto ás técnicas e instrumentos de avaliación, combinaremos a observación directa sobre o traballo desenvolvido na aula diariamente, atendendo aos criterios e estándares, e as actividades de avaliación escritas como probas, traballos realizados, exposicións, ...

Concretamente, empregamos a da observación sistemática tanto directa como indirecta, a revisión de tarefas e as probas obxectivas.

De xeito máis específico, hai que subliñar que dentro da primeira técnica, faremos uso das seguintes ferramentas: listaxes de control e, especialmente, o diario de aula. No que respecta á segunda técnica, cabe aludir á análise de producións e tarefas cotiás dos/as escolares e no relativo á terceira, empregamos probas escritas, como os exames e probas orais.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio do curso, levarase a cabo unha avaliación inicial ao alumnado co obxectivo de coñecer o estado no que se atopan nosos alumnos/as respecto dos novos contidos que se van a desenvolver.

Para esta avaliación inicial empregaremos diversas probas tanto orais como escritas.

Asímesmo, ao principio de cada unidade, na primeira sesión, levarase a cabo unha avaliación inicial ao noso alumnado.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA LOGRAR DITA RECUPERACIÓN

Realizaranse **actividades de reforzo**, para aqueles que teñan uns ritmos de aprendizaxe máis lento; **actividades de ampliación**, por si acadan antes de tempo os obxetivos e **actividades de avaliación** que permiten coñecer ao docente os conceptos, procedimentos e actitudes que o alumnado adquire e os que precisa mellorar mediante rúbricas, probas obxetivas, portfolio...

METODOLOXÍA

A metodoloxía é un dos elementos incluídos no currículo e no **artigo 15** concrépanse **os principios metodolóxicos que establece unas pautas comúns a todas as áreas**:

- Especial **atención á diversidade** e á detección de dificultades de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativo o curricular).
- **Participación activa e inclusiva**, dirixida ao logro das competencias clave.
- Desenvolvemento de actividades **relacionadas coa resolución de problemas da vida real**.
- **Traballo da lectura**, como un factor fundamental no proceso de aprendizaxe.
- Diseño e posta en práctica de **actividades de aprendizaxe integradas**, que permitan avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As principais estratexias metodolóxicas son as seguintes:

- Partir dos coñecementos previos dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa.
- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.
- Favorecer a aprendizaxe activa.

- A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa.
- Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización.
- Crear un clima de seguridade e confianza.
- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias

A metodoloxía está enfocada para contribuír a desenvolver as competencias educativas.

Pretendemos que os alumnos/as participen activamente na súa aprendizaxe, adquirindo así conciencia das súas propias capacidades, xestionando os seus propios coñecementos e optimizando a súa aprendizaxe. O proxecto fomenta o traballo cooperativo por grupos na aula.

MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

De entre os materiais curriculares e outros recursos didácticos que van ser utilizados na aula de 1º de Educación Primaria neste curso escolar 2020-2021 é preciso sinalar que os mesmos deben ser variados e adecuados, empregando recursos tecnolóxicos e audiovisuais para ilustrar experiencias no alumnado, servindo de apoio o mestre/a para conseguir o desenvolvemento das competencias e deberán cumprir determinados requisitos en canto a seguridade, limpeza e manexabilidade.

Por unha parte, os **recursos humanos** son:

- Internos: fan mención a tódolos profesionais do centro: o equipo directivo, o profesorado de outros cursos, etc. ■

Externos: a familia, como axente importante e outros servizos da comunidade.

En canto os **recursos ambientais**, podemos diferenciar:

- A aula: para a organización das actividades e coa sección da biblioteca na aula.
- O centro: empregando espazos de uso común relacionados cos contidos que se traballan nesta área: aula de informática, sala de audiovisuais, biblioteca, etc.
- O entorno social: centros culturais e de ocio como ludotecas, bibliotecas municipais, museos, etc.

Por outra parte, os **recursos materiais** son:

- Xogos didácticos: tarxetas de palabras, letras o sílabas, xogos de mesa (cifras e letras, pasapalabra...), xogos de preguntas e respostas sobre a linguaxe...
- Impresos: libros, contos, revistas, prensa, etc.
- Audiovisuais: retroproyector, cámara fotográfica, gravadora, cámara de vídeo, etc.

- Producións: fotografías, láminas de arte, películas, cortometraxes, etc.
- Informáticos: ordenador, xogos co ordenador, páxinas web, pizarra interactiva, tablets....

3.9. Relixión Católica

1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

- Bloque 1. O sentido relixioso do home
 1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.

2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.
 3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.
- Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia
 1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.
 - Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación
 1. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.
 2. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.
 - Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa
 1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.
 2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.
 3. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.

2. SECUENCIA DE CONTIDOS E ACTIVIDADES

- Bloque 1. O sentido relixioso do home
 - A Creación como agasallo de Deus.
 - O home, obra mestra da Creación.
 - A comunicación do home con Deus.
- Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia
 - Deus acompaña o home na historia.
 - Deus fálalles aos homes como amigos.
- Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación
 - Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e medra nunha familia.
 - Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús.
 - Xesús morreu para a nosa salvación.
- Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa
 - A Igrexa, familia de Xesús.
 - Espazo e tempo sagrado na Igrexa.
 - O domingo, día dedicado ao Señor.

3. ACTIVIDADES

Realizaremos os exercicios do libro que se propoñen para cada unidade didáctica. Dependendo das características do curso poderemos realizar uns ou outros. utilizaremos fichas elaboradas polas profesoras para completar e afianzar coñecementos.

Veremos breves películas para afianzar os contidos traballados.

Non está previsto realizar ningunha actividade complementaria nesta materia.

4. TEMPORALIZACIÓN

1º Trimestre

Setembro: 3 sesións que as dedicaremos a:

- Repaso xeral do traballado en infantil
- Actividades de repaso
- A última semana empezaremos a unidade 1 “ Amo a natureza”.

Outubro: 4 sesións, 3 continuaremos co tema 1 e a última sesión comencemos o tema 2 “Descubro o teu amor na Biblia”.

Novembro: 4 sesións, 3 continuaremos co tema 2 e a última sesión comencemos o tema 3 “Gústame o Nadal”.

Decembro: 3 sesións, remataremos o tema 3 e celebraremos o festival de NADAL. Neste último tema imos construír unha árbore de Navidad e coñecer algunhas curiosidades sobre o Nadal a través do xornal de relixión que faremos entre todos.

2º Trimestre

Xaneiro: 3 sesións, Tema 4 “Practico as túas ensinanzas”

Febreiro: 4 sesións, 3 sesións para o tema 5 “ Alegráme falar contigo” , e a última sesión onde empezaremos o tema 6 “ Unha semana para lembrar”.

Marzo: 3 sesións para rematar o tema 6. Neste último tema imos construír unha procesión e seguir co xornal escolar para traballar algunhas curiosidades de Domindo de Ramos.

3º Trimestre

Abril: 4 sesións, 3 para traballar o tema 7 “Vivo en familia e a 4 para empezar o tema 8 “Gozo das festas”.

Maio: 4 sesións, 3 para rematar o tema 8 e a última sesión para empezar o tema 9 “Visítote na túa casa.

Xuño: 3 sesións para rematar o tema 9. Neste último tema imos construír unha cruz de flores e completaremos o xornal de relixión traballando algunhas curiosidades sobre a Virxe maría.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE)

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.
2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.
3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.
2. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.
2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.
3. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.

6. MÍNIMOS EXIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Coñece, respecta e coida a obra creada.
- 1.2. Expressa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.
- 2.1. Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.
- 3.1. Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.
- 3.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.1. Coñece e valora que Deus fala a Abrahán e Moisés para ser o seu amigo.
- 1.2. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
- 2.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
- 2.1. Expressa o respecto ao templo como lugar sagrado.
- 3.1. Coñece e expresa o sentido do domingo

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- As probas escritas, sempre que se realicen: 80%
- Libretas: 20%

8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade que terán que recoller na libreta do alumno.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe, aínda que procuraremos non facelas.
- Fichas con actividades sobre o tema.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.

9. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN

Aplicaremos as probas que a editorial Anaya ten para tal fin.

Non se terán en conta á hora de cualificar o trimestre, nin se porá nota . Servirán para que o profesorado coñeza a situación de partida de cada clase e saiba que coñecementos teñen xa adquiridos e en cales hai que facer fincapé.

10. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

O alumnado que necesite recuperar unha avaliación terá que entregar ao profesorado as fichas e traballos que para tal fin determine a profesora. As fichas serán as que a editorial nos achega para tal fin. Co alumnado que necesite reforzo, a profesora realizará un seguimento e acompañamento individualizado.

11. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias axeitadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Na materia de Relixión Católica utilizaremos unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto ao que está ensinado. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.

Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais, socioafectivas non sexan consideradas fin en si mesmos senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia, e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaremos o libro de texto de 1º da Editorial Anaya. A través da pizarra dixital tamen Non poderemos utilizar o libro multimedia pola imposibilidade de acceder á aula de informática, por

non dispoñer o colexio de máis dunha aula con ordenadores e estar esta ocupada todos os días e horas de clase.

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Lapis, goma de borrar, lapis de cores, ceras brandas, rotuladores, témperas, regra, compás, tesoiras, cola, pinces, plastilina.
- Material reciclado: teas, tetrabrik, papel de aluminio e macarróns.
- Material reciclado: revistas, xornais, clips, cartón, papel de aluminio, papel de cores, chapas, tapóns, teas...

3.10. Área de Lingua Extranxeira

INTRODUCCIÓN

É un feito que cada día as fronteiras son menos ríxidas e as necesidades económicas, sociais, políticas e culturais máis amplas; isto deriva na necesidade de coñecer estes marcos para poder afrontar os cambios que están ocorrendo no noso entorno. Cada día coñecemos novos casos de persoas que deben abandonar a súa terra para buscar un futuro profesional e persoal máis cómodo e necesario. Por iso, a escola xoga un papel fundamental á hora de preparar aos traballadores do futuro, formálos como persoas preparadas para enfrentarse a todos os retos que se lle presenten. E a lingua estranxeira xoga un papel fundamental nesa preparación, e, como profesionais debemos convertila en algo funcional, útil e de simple manexo.

Aprender unha lingua estranxeira cobra unha especial relevancia neste plano, xa que a capacidade de comunicación é o primeiro requisito que ha de cumprir unha persoa para desenvolverse nun contexto crecentemente pluricultural e plurilingüe. Así recoñecérono todos os gobernos da Unión Europea, que ao longo dos últimos anos programaron diversas actuacións comunitarias en materia de educación co obxectivo último de facer posible que cada cidadán posúa un coñecemento práctico de polo menos dous idiomas ademais da súa lingua materna, e así reflectiuno tamén a normativa española, a cal, en consonancia con isto, outorga á capacitación para a comunicación nunha ou máis linguas estranxeiras uns lugares destacados entre os fins á consecución da cal está orientado o noso actual sistema educativo.

A partir do Marco Común Europeo de referencia para as Linguas estrutúrase o currículo básico de Educación na etapa de Primaria; de aí xorden as actividades de lingua baseadas na comprensión e produción (expresión e interacción) de textos tanto escritos coma orais.

Os contidos, criterios e estándares están organizados en catro grandes bloques que se corresponden coas actividades de lingua mencionadas, eixe das ensinanzas da materia.

Na etapa de Educación Primaria deberán terse moi en conta os coñecementos que os alumnos/as xa teñen adquiridos e as capacidades e experiencias que posúen para lograr un nivel funcional básico, o que, tanto na interacción comunicativa coma na comprensión e produción de textos, resultará esencial; usando como base os contextos familiares para o alumnado desta idade.

De acordo coa LOMCE, o currículo estará integrado polos **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa; as **competencias**, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, para lograr a realización axeitada de

actividades e a resolución eficaz de problemas complexos, os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias; a **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis**; e os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

a) **Currículo**: regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

b) **Obxectivos**: referentes relativos aos logros que o alumno debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin.

c) **Competencias**: capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

d) **Contidos**: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

e) **Estándares de aprendizaxe avaliáveis**: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe comprender, debe saber, e saber que facer en cada materia; deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. O seu deseño debe contribuír e facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) **Criterios de avaliación**: son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

g) **Metodoloxía didáctica**: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos formulados.

Os **PRINCIPIOS XERAIS** nesta etapa, de acordo co *Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria*, son os seguintes:

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas e de preparalos para cursar satisfactoriamente a Educación Secundaria Obrigatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

A etapa de Educación Primaria comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade, e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.

CONTRIBUCIÓN DESTA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A asignatura de Lingua Estranxeira, en todas as súas modalidades, contribúe de xeito fundamental, ao desenvolvemento da **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)**, non só en segundas linguas senón tamén con respecto ás linguas maternas. Por un lado, a aprendizaxe dunha segunda lingua debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir uns resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real; conseguindo a funcionalidade que temos por obxectivo primordias; por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que leva consigo a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestas para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, e o ámbito mental e físico no que se actúa e se constrúen as relacións como axente social.

Este proxecto desenvolve as destrezas de comunicación lingüística dos nenos en inglés dun xeito sistemático e comprensible.

Escoitando palabras, frases, contos, cancións, *chants* e rimas, diálogos curtos e textos, os nenos aprenden a distinguir sons e recoñecer modelos de ritmo e ton en inglés. Tamén desenvolven a habilidade de entender textos de forma global e de identificar e extraer a información relevante.

Os nenos aprenden a usar a linguaxe e o vocabulario axeitados e a falar con claridade e cunha pronunciación intelixible a través de xogos, diálogos e actividades personalizadas. Tamén aprenden a expresar os seus sentimentos e opinións, empregando métodos de comunicación lingüísticos e non lingüísticos. Así mesmo, aprenden a iniciar conversacións sinxelas e participar en diálogos interactivos nos contextos cotiáns de clase.

A través dunha introdución sistemática á lectura, aprenden a asociar a linguaxe oral/auditiva coa forma escrita. Usando o *Activity Book* que temos para este curso aprenden a ler frases e textos curtos e a apreciar o valor de ler para entender textos escritos. Tamén aprenden a escribir clara e ordenadamente, usando o vocabulario axeitado de xeito contextualizado.

Os nenos obteñen pracer e gozan escoitando, falando, lendo e escribindo en inglés grazas á ampla achega comunicativa e as actividades prácticas deste libro. Aprenden a apreciar o valor e a importancia de cada habilidade e a valorar e avaliar o seu progreso.

O carácter dinámico da lingua, tamén está presente nas **Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT)** e outras áreas de coñecemento, ás que a Lingua Estranxeira pode contribuír facilitando e expandindo o acceso a datos, procedementos e técnicas de investigación; facendo posible un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas, e propiciando a construción conxunta do saber humano.

Este proxecto desenvolve a **competencia matemática** dos nenos de distintas maneiras, tanto implícitas como explícitas. Dende o principio, aprenden a recoñecer e identificar os números das actividades do libro. Ao presentar o vocabulario novo da primeira lección, os nenos aprenden a asociar números ás palabras novas. Tamén empezan a utilizar os números de xeito secuencial e non secuencial en xogos de vocabulario iniciais.

Mediante actividades prácticas divertidas, desenvolven outros aspectos da competencia matemática, como o recoñecemento de formas de obxectos cotiáns, a observación visual e a diferenciación, en actividades como identificar debuxos iguais ou distintos, compoñer un crebacabezas, ou ordenar secuencias de imaxes.

Así mesmo, os nenos aprenden cuestións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, xa que dispón de variados e divertidos xogos e actividades multisensoriais que involucran os nenos na exploración de parámetros do mundo físico. Grazas ás seccións de CLIL, os nenos desenvolven esta competencia de xeito interesante, animado e dinámico. Nelas trabállase a conciencia do ámbito natural e social, así como a importancia de levar un estilo de vida saudable. Cada unidade consta de dúas leccións de CLIL nas que os nenos desenvolven o entendemento de

distintos aspectos do mundo físico -tanto natural como artificial- e a conciencia do modo no que eles interactúan e se relacionan co mundo.

Neste e en calquera outro ámbito, a actividade lingüística realízase en gran parte hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno haberá de producir, comprender e procesar, polo que a **Competencia dixital (CD)** se entende como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe ter importantes repercusións no xeito en que as linguas estranxeiras ensinan e se aprenden, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua, que non é algo que meramente se sabe, senón, fundamentalmente, algo que a persoa fai.

Grazas aos recursos dixitais e multimedia do curso, os nenos afaránse usar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas esenciais para aprender e comunicarse, e mostrarán que con frecuencia teñen iniciativa para usar os materiais dixitais e para buscar e comunicar información de xeito independente. Tamén se familiarizarán co vocabulario básico para falar de informática en inglés.

Neste proxecto os nenos familiarízanse coas tecnoloxías por medio da integración de recursos dixitais e multimedia. Grazas ao uso independente dos materiais onlinetamén desenvolven a iniciativa na utilización autónoma destes recursos.

No proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia básica, a de **Aprender a aprender (CAA)**, polo que o currículo incide no carácter procedimental de todos os seus elementos constituíntes e das súas relacións. Os contidos necesarios para alcanzar os estándares de aprendizaxe, o grao de adquisición do cal se valora aplicando os criterios de avaliación descritos así mesmo como accións, son considerados como contidos *competenciais*, isto é todo aquilo que o alumno debe, simultaneamente, saber, saber utilizar e saber incorporar o seu perfil de competencias. O currículo axuda ao alumno a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de xeito transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes da lingua estranxeira mediante o seu uso; determinando o que necesitan aprender para alcanzar eses obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción do perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficaz aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.

Faremos un forte fincapé no desenvolvemento efectivo e autónomo dos alumnos establecendo bos hábitos de aprendizaxe, como poñer atención e planificar as actividades para optimizar a distribución do tempo. Así mesmo, anima aos nenos a ser estudantes responsables, conscientes de si mesmos, con vontade de reflexionar regularmente sobre a súa propia aprendizaxe.

Ao comezo de cada lección, conciénciase os nenos dos seus obxectivos de aprendizaxe, e ao final de cada unha, o profesor realiza un breve repaso para asegurarse de que estes obxectivos se cumpriron.

Ademais, ao finalizar cada unidade, o alumnado completan o *seu Progress booklet*.

O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara a outras persoas os usos da cal, valores e crenzas difiren dos propios, así como na apreciación do carácter relativo de costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de xeito satisfactorio para todas as partes. As **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**, e a **conciencia e a expresión culturais (CCEC)**, tanto as circunscritas aos ámbitos máis inmediatos como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman, así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Tamén faremos forte fincapé nas competencias sociais e cívicas (**CSC**), grazas ao uso dunha metodoloxía que promove a participación activa, o respecto aos compañeiros, o bo comportamento, a cooperación e o traballo en equipo. Así como o respecto a outras culturas e modos de vida.

Por medio das seccións *Kids' Culture*, os nenos desenvolven interese na cultura británica. Aprenden a comparar distintos aspectos da súa cultura, como a comida que lles gusta, ou o que fan en vacacións, cos dos nenos británicos.

Isto desenvolve neles a conciencia e o entendemento das diferentes realidades sociais nas que vive a xente. Tamén reforza o sentido do seu propio valor, e fomenta a apreciación e o respecto cara ás diferenzas entre eles mesmos e os demais.

A **conciencia e a expresión culturais (CCEC)** supón ademais coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Neste curso a conciencia e expresións culturais trabállanse a través de variados e divertidos contos, cancións, *chants*, música, teatro, bailes e actividades de manualidades. Isto fai que os nenos se involucren na aprendizaxe, e guíaos cara ao pracer e a curiosidade polo descubrimento de aspectos da cultura británica e cara ao desenvolvemento de destrezas interculturais.

